



FÚTBOL SALA ESCOLAR

XOGOS GALEGOS DEPORTIVOS EN IDADE ESCOLAR

## 1. INSCRICIÓN

A inscrición no programa XOGADE (Xogos Galegos Deportivos) en Idade Escolar formalizarase a través páxina Web “xogade.xunta.gal”. Pódese acceder tamén a través da web da Secretaría Xeral para o Deporte “deporte.xunta.gal”.

A data de peche para as categorías benxamín, alevín, infantil e cadete é o 15 de novembro de 2016.

Para a inscrición na Actividade Deportiva Federada é necesario poñerse en contacto coa federación.

## 2. CATEGORÍAS

**Benxamín:** nados nos anos 2008-2007 (masculinos, femininos e mixtos), pódese dar de alta 4 xogadores/as nados/as no ano 2009.

**Alevín:** nados nos anos 2006-2005 (masculinos, femininos e mixtos).

**Infantil:** nados nos anos 2004-2003 (masculinos e femininos).

**Cadete:** nados nos anos 2002-2001 (masculinos e femininos).

## 3. PARTICIPANTES

Poderán participar neste programa XOGADE, na modalidade de Fútbol Sala, os centros escolares, ANPAS, agrupacións deportivas, escolas deportivas municipais, clubs deportivos e outras asociacións.

## 4. COMPOSICIÓN DOS EQUIPOS

Cada equipo estará composto por un máximo de 15 xogadores/as e un mínimo de 7 e, ao longo da competición, poderanse dar de baixa 3 xogadores/as e outros 3 de alta, sempre que non pertencen a outro equipo no mesmo curso.

Os equipos na categoría benxamín e alevín poderán ser masculinos, femininos ou mixtos.

Nas categorías alevín e infantil os equipos poderán ser completados con xogadores/as de segundo ano da categoría inmediatamente inferior. Poderán aliñar en cada encontro un máximo de catro (4) xogadores na categoría masculina e cinco (5) xogadoras na categoría feminina, estes non perderán a categoría nin os dereitos que lles correspondan pola súa idade

No caso de que un club ou entidade non teña equipos de inferior categoría, poderá inscribir xogadores/as da categoría inmediatamente inferior, ata un máximo de 4 xogadores na categoría masculina e 5 xogadoras na categoría feminina por entidade.

## 5. ORGANIZACIÓN

A Secretaría Xeral para o Deporte organizará, a través dos Servizos de Deporte de cada provincia, a actividade deportiva escolar na modalidade de Fútbol Sala en función do número de inscritos, podendo desenvolverse de diferente maneira en cada provincia en función dos criterios e necesidades de cada servizo.

Para a organización desta actividade poderase contar coa colaboración das agrupacións deportivas de zona, clubs, concellos ou calquera outra entidade pública ou privada que dende a Secretaría Xeral e os servizos provinciais se estime conveniente.

Para a participación nesta actividade a Secretaría Xeral para o Deporte proporcionará un seguro de accidente deportivo gratuito para os participantes durante o período de duración da actividade. Este seguro cubre as actividades incluídas no calendario da actividade deportiva escolar de Fútbol Sala, ata a finalización do programa Xogade o 30 de maio de 2017.

Así mesmo facilitará, no caso de considerarse necesario para a participación na actividade, un servizo de transporte gratuito, para o cal deberá tramitarse unha solicitude expresa por parte da entidade interesada. Esta será valorada e xestionada polo servizo provincial correspondente.

A participación nesta actividade deportiva será TOTALMENTE GRATUÍTA, polo tanto en ningún caso poderá estar suxeita a ningunha cota de inscrición ou similar.

Toda a documentación referente á cobertura do seguro está dispoñible na web: parte de accidentes, protocolo de actuación e relación de centros concertados.

## 6. - SISTEMA DE COMPETICIÓN

**É unha actividade gratuíta**

**Non é preciso ter licenza federativa**

**Benxamín e alevín:** a participación será nunha competición única en cada categoría, a menos que o número de equipos permita facer grupos de competición femininos, masculinos e/ou mixtos.

A competición será de ámbito local ou comarcal, intercomarcal e provincial, organizada polos servizos provinciais en colaboración coas agrupacións deportivas escolares de zona e a Federación Galega de Fútbol Sala ou as súas delegacións.

**Infantil:** a competición será masculina ou feminina, de ámbito local, comarcal, zonal e provincial. Será organizada conxuntamente polos servizos provinciais de cada provincia en colaboración coas Agrupacións Deportivas escolares de zona e a Federación Galega de Fútbol Sala ou a súas delegacións.

**Cadete:** Terá as mesmas normas técnicas e as mesmas bases de competicións que a competición Infantil Escolar pero será organizada directamente pola FGFS, agás nas zonas que non exista competición da FGFS, nas que os Ser-

vizos Provinciais de Deporte poderán asumir a organización en colaboración coas Agrupación Deportivas escolares se o número de inscritos e a distribución de equipos se considera óptimos para o desenvolvemento dunha competición de ámbito zonal que poderá chegar ata o ámbito provincial.

## 7. REGRAS DE XOGO

### A) CATEGORÍAS BENXAMÍN E ALEVÍN

Nestas competicións zonais é obrigatoria a aplicación das regras oficiais de xogo da categoría de Fútbol Sala.

Organizarase un campionato local ou comarcal, agás cando unha competición non reúna un mínimo de catro equipos, que deberá levarse a cabo conxuntamente con outra comarca limítrofe co fin de permitir o seu normal desenvolvemento.

É obrigatorio presentar un mínimo de 7 e un máximo de 12 xogadores en cada encontro, permitíndose a inscrición dun total de 15 xogadores no equipo. Na categoría benxamín permítese ademais a inscrición dun máximo de 4 xogadores nados no ano 2009.

Os equipos deberán levar balóns de fútbol sala para o quecemento e, o que figure como local, deberá aportar un como balón de xogo.

Esta competición constará dunha primeira fase local, pasando o primeiro clasificado á fase intercomarcal. O vencedor desta segunda fase clasificarase para o Campionato Provincial.

### B) CATEGORÍA INFANTIL

A competición será masculina e feminina. Poderase autorizar a participación de deportistas de categoría feminina en equipos de categoría masculina en casos excepcionais, previa solicitude ante a Secretaría Xeral para o Deporte, xunto coa autorización paterna.

A competición será local ou comarcal, intercomarcal e provincial, aínda que cando unha competición local ou comarcal non reúna un mínimo de 4 equipos deberá levarse a cabo con outra comarca ou zona limítrofe co fin de permitir o seu normal desenvolvemento.

Ao comezo da competición é obrigatorio ter de alta como mínimo a 7 xogadores/as, cun máximo de 15 inscritos por equipo. Poderanse dar de alta ou baixa ata 3 xogadores ao longo da tempada. O número máximo de participantes inscritos nun encontro é de 12 xogadores/as. O balón de xogo será o regulamentario desta categoría, Pódense inscribir ata un máximo de 4 xogadores/as da categoría inferior por equipo, no caso de que a entidade non dispoña de equipo en dita categoría.

## 8. ACRÉDITACIÓN

Será obrigatoria, antes do comezo dos encontros, a presentación do formulario de inscrición na aplicación informática

da páxina web “xogade.xunta.gal” acompañado da ficha “Xogade” de cada xogador/a e responsable coa foto (poderá imprimirse dende o apartado “informes”), ou ben co DNI (orixinal ou fotocopia cotexada).

## 9. PREMIOS

Os servizos provinciais proporcionarán os trofeos das fases do programa Xogade que lles correspondan directamente ou ben a través das súas agrupacións deportivas e entidades colaboradoras.

Os equipos que participen nas fases intercomarcais (no caso de realizarse) e provinciais, recibirán trofeos de 1º, 2º, 3º e 4º clasificado, con medallas para os seus integrantes.

## 10. - NORMAS

Os regulamentos de xogo, sancións, recursos, etc. serán os que figuran nas bases xerais e normas técnicas de fútbol sala. Así mesmo, todos os aspectos non recollidos nestas normas regularanse pola normativa da Federación Galega de Fútbol Sala e os comités provinciais organizadores.

## 11. - RÉXIME DISCIPLINARIO

Entendendo que na actividade deportiva escolar deberán primar os aspectos educativos e darlle maior peso ao obxectivo da participación que ao competitivo, non deba ser preciso o desenvolvemento dun réxime disciplinario mais alá das propias normas de convivencia e educación existentes na nosa sociedade. Aínda así, se fose preciso, poderá ser aplicado o establecido en primeira instancia neste punto para a actividade deportiva federada.

## 12. - OUTRAS NORMAS

Todos os aspectos non recollidos nestas normas serán regulados pola normativa oficial da Federación Galega de Fútbol Sala que se pode consultar na páxina web da federación: [www.fgfs-galicia.com](http://www.fgfs-galicia.com) e na páxina web da Secretaría Xeral para o Deporte : [www.deporte.xunta.gal](http://www.deporte.xunta.gal).